

**MODIFICACIÓN DA CONCRECIÓN
CURRICULAR.
CURSO 2021/2022**

**CENTRO: CEIP REBORDÁNS
DATA: 12 de abril de 2022**

Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

ÍNDICE

1. **Criterios xerais para a avaliación do alumnado.**
2. **Criterios do outorgamento de mencións honoríficas (primaria).**
3. **Decisións e criterios xerais na modificación das programacións didácticas do curso 2021/22.**
4. **Aprobación e publicidade da modificación da concreción curricular.**

1. Criterios xerais para a avaliación do alumnado

1.1. Criterios para o tratamento de materias pendentes	<ul style="list-style-type: none">▪ No Informe individualizado emitido pola persoa titora ao finalizar 2º e 4º de EP, deberán figurar as medidas de reforzo que se prevén necesarias no ciclo seguinte.▪ O/A docente que imparta a materia pendente deberá deseñar un plan específico de reforzo individualizado coa finalidade de que o alumno/a acade o grao mínimo de adquisición das competencias correspondentes.▪ Neste plan contemplaranse medidas como:<ul style="list-style-type: none">- Actividades personalizadas.- A realización de traballos complementarios.- A realización de actividades en gran grupo fomentado a cooperación entre iguais.- A realización de reforzos educativos a cargo doutros mestres ordinarios do centro co fin de dar unha atención máis individualizada.- A utilización de materiais máis específicos para facilitar as aprendizaxes.- O uso das TIC como recurso motivador.
1.2. Criterios de promoción do alumnado de curso/etapa	<p>A permanencia no mesmo curso considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras aplicar as medidas ordinarias suficientes e adecuadas. Esta decisión só poderá adoptarse unha vez durante a etapa.</p> <ul style="list-style-type: none">• O alumnado dos cursos 1º, 3º e 5º de EP promocionará de forma automática.• O alumnado de 2º, 4º e 6º promocionará cunha avaliación positiva en todas as materias.• O alumnado de 2º, 4º e 6º non promocionará de non ter acadados os estándares mínimos nas materias de Lingua (en calquera das dúas: castelán, galego) e Matemáticas .• O alumnado de 6º non promocionará de non ter acadados

	<p>os estándares mínimos nunha das áreas troncais</p> <ul style="list-style-type: none"> • (Matemáticas, Lengua ou Lingua) e noutras dúas áreas (Inglés, Ciencias Naturais, Ciencias Sociais) ou en 4 ou máis áreas calquera que sexan. <p>Así mesmo o equipo docente poderá ter en conta na decisión de non promoción dun alumno/a os seguintes aspectos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - O nivel de adquisición de competencias necesarias para poder seguir progresando no ciclo/etapa seguinte, ou sexa, que haxa expectativas favorables de recuperación. - A conveniencia de manter o alumno/a no seu grupo de referencia para así favorecer a súa evolución académica. - A actitude de superación mostrada , así coma o esforzo por progresar na aprendizaxe e superar dificultades. - A repetición coma oportunidade para acadar solidez nas aprendizaxes básicas, tendo en conta o momento evolutivo do alumno/a. - A opinión dos pais/titores legais, que serán informados e escoitados previamente á decisión que se adopten.
--	--

2. Criterios do outorgamento de mencións honoríficas	
<p>2.1. Criterios xerais</p>	<p>Poderase propor o outorgamento dunha mención honorífica ao alumno/a que supere todas as áreas da etapa, obteña unha cualificación de “sobresaínte” nunha ou máis materias, e acade alto nivel competencial, mostrando un rendemento académico excelente.</p>

3. Criterios xerais na modificación das programacións didácticas do curso 2021/2022

3.1. Especificar o procedemento para seguimento da recuperación das materias/ámbitos pendentes.

O seguimento das materias pendentes realizarase por medio dos seguintes procedementos:

- Observación sistemática empregando diferentes rexistros: escalas de valoración, listas de cotexo..
- Reunións dos equipos docentes.
- Xuntas de avaliación.
- Reunións co Departamento de Orientación, se é o caso.

3.2. Indicar o modelo a utilizar por todo o profesorado para a modificación das programacións didácticas (o remitido pola I.E. ou outro modelo, de ser o caso)

Modelo remitido pola IE

- Criterios para a recuperación das materias pendentes.
- Criterios de promoción do alumnado.
- Criterios de outorgamento de mención honoríficas.
- Procedemento do seguimento na recuperación de materias pendentes.

4. Aprobación e publicidade

4.1. Aprobación	A presente modificación da concreción curricular aprobouse en claustro extraordinario o 5 de abril de 2022.
4.2. Publicidade	Ao presente documento daráselle publicidade por medio da súa publicación na páxina web do centro o 12 de abril de 2022. As familias serán informadas da publicación do mesmo, o día 12 de abril de 2022 a través de Abalar móbil.